



Mensaxe de Nadal da Súa Maxestade o Rei

24 de decembro de 2018

Boas noites.

Nestes días tan especiais, nos que sempre nos deben unir os mellores sentimentos, deséxovos, xunto á Raíña e as nosas fillas, a Princesa Leonor e a Infanta Sofía, un Bo Nadal e que no ano 2019 poidades ver cumpridos as vosas arelas e aspiracións.

Hoxe non quero deixar de lembrar aos que vivides unha situación difícil por razóns persoais, económicas ou sociais; ou estades lonxe do voso fogar e seres queridos. Nestas horas, que han de ser para a alegría e de celebración, o noso corazón e o noso pensamento están ao voso carón; e o noso maior desexo é que todas esas circunstancias queden pronto atrás.

Ao longo dos últimos anos vinvos transmitindo en Noiteboa as miñas inquietudes e reflexións sobre a nosa democracia; sobre a cohesión social e territorial, a economía e o paro ou a educación; tamén sobre a corrupción, o terrorismo, ou a violencia contra as mulleres; unha violencia, de tan triste actualidade e que merece sempre a nosa repulsa e condena máis enérxica e o empeño de toda a sociedade para erradicala da nosa vida. Todas estas cuestións que acabo de mencionar séguennos a preocupar, por suposto, moi seriamente.

Permitídemme que esta noite vos fale de algo que tamén me parece moi importante. Quero falarvos da nosa convivencia, dos principios nos que se inspira, pensando no presente e tamén no futuro, nas nosas xeracións máis novas, ás que hoxe me vou dirixir especialmente.

O pasado 6 de decembro, con motivo do 40 aniversario da nosa Constitución, lembrei de novo os ideais que animaron e uniron os españois durante a transición política e que foron o fundamento, a base da nosa liberdade e do noso progreso destes últimos 40 anos: a reconciliación e a concordia; o diálogo e o entendemento; a integración e a solidariedade.

Os que viviron aqueles anos saben ben que se hai algo que os define foi o valor de traballar xuntos e unidos pensando no noso país e no seu futuro;

foi a vontade dos españois de entenderse e a dos líderes políticos, económicos e sociais de chegar a acordos, a pesar de estar moi afastados polas súas ideas e sentimentos.

A todos os unía un obxectivo moi claro: a democracia e a liberdade en España; definir unhas regras comúns que garantisen a nosa convivencia. E lograron. Dese éxito beneficiámonos as seguintes xeracións; e o que debemos facer hoxe é todo o que estea nas nosas mans para que eses principios non se perdan nin se esquezan, para que as regras que son de todos sexan respectadas por todos. E dese xeito asegurar aos mozos, con maior garantía, novas décadas de progreso e avance como as que nós afortunadamente coñecemos.

Os que fostes protagonistas ou testemuñas da transición estou seguro de que entenderedes moi ben o que acabo de dicir. Aos que non vivistes aquel tempo e especialmente ás xeracións máis novas, temos deber de facervos partícipes dese período da nosa historia, dese camiño que permite entender por que e como España conseguiu o cambio máis radical da súa historia; por que e como avanzou e prosperado tanto a nosa sociedade dende entón.

Eu creo que iso é necesario, si; pero tamén creo que non é suficiente. Porque como sociedade temos unha débeda pendente coa nosa mocidade. Somos responsables do seu futuro e as circunstancias de hoxe en día non son, nin moito menos, as máis doadas.

Os mozos vivides inmersos na realidade dunha sociedade tecnolóxica —de cambios continuos e acelerados— que formula novos interrogantes, pero que ao mesmo tempo está chea de novas oportunidades. Tedes talento, credes na paz, estades abertos ao mundo porque sodes e vos sentides europeos, sodes solidarios, estades comprometidos coas causas sociais, coa loita contra o cambio climático e a defensa do medio. Queredes vivir e convivir, pero tedes problemas serios.

Sabedes que é moi difícil encontrar traballo sen unha formación axeitada. Moitos tédela, pero ás veces védesvos obrigados a ocupar un posto de traballo que non é para o que vos preparastes ou que non responde ás vosas expectativas. E témosvos que axudar: a que poidades construír un proxecto de vida persoal e profesional, cun traballo e un salario dignos, a ter un lugar adecuado onde vivir e, se así o queredes, a formar unha familia e poder combinar coa vida laboral.

A nosa responsabilidade, a de toda a nosa sociedade, é que a vosa capacidade, a vosa motivación, a vosa ilusión e esforzo, venzan ás

dificultades; porque temos a obriga –contando convosco, coa vosa enerxía–, de seguir construíndo día a día un país mellor, máis creativo, máis dinámico, e sempre á vangarda; unha España máis unida socialmente e máis comprometida coa igualdade real entre homes e mulleres.

Hoxe, que vivimos nunha democracia asentada e que compartimos uns mesmos principios e valores con outras democracias da nosa contorna, é imprescindible que aseguremos en todo momento a nosa convivencia.

Unha convivencia que se basea na consideración e no respecto ás persoas, ás ideas e aos dereitos dos demais; que require que coidemos e reforcemos os profundos vínculos que nos unen e que sempre nos deben unir a todos os españois; que é incompatible co rancor e o resentimento, porque estas actitudes forman parte da nosa peor historia e non debemos permitir que renazan; unha convivencia na que a superación dos grandes problemas e das inxustizas nunca pode nacer da división, nin moito menos do enfrontamento, senón do acordo e da unión ante os desafíos e as dificultades.

Unha convivencia, en fin, que esixe o respecto á nosa Constitución; que non é unha realidade inerte, senón unha realidade viva que ampara, protexe e tutela os nosos dereitos e liberdades. Todos os proxectos necesitan uns alicerces sólidos, e a España de hoxe temos, porque están feitos dunha vontade decidida de concordia, de paz e de entendemento.

E esta é a reflexión que quería facervos chegar esta noite: que a convivencia –que sempre é fráxil, non o esquezamos– é o maior patrimonio que temos os españois. A obra máis valiosa da nosa democracia e o mellor legado que podemos confiar ás xeracións máis novas; e, por iso, debemos evitar que se deteriore ou se erosione; debemos defendela, coidala, protexela; e facelo con responsabilidade e convicción. Así o demostramos durante estes últimos corenta anos de liberdade porque cremos en nós mesmos e nas nosas propias forzas.

Agora debemos valorar con orgullo o que somos, o que fixemos e confiar no que podemos facer entre todos, afastando o desencanto ou o pesimismo. Debemos ser conscientes da nova realidade que nos impón o século XXI e ser capaces de alcanzar consensos cívicos e sociais que aseguren o gran proxecto de modernización de España.

Con esa esperanza e confianza no futuro, sigamos adiante. Con coraxe e sen descanso. Porque todos podemos facer moito polo ben común, e superarnos cada día; facendo cada un o que nos corresponde e apoiando a quen cumpre coa súa obriga; animando a quen o precisa –sen que

ninguén quede atrás-, e sumando todas as nosas forzas no desexo dunha España sempre mellor, porque os españois o merecemos.

A todo isto vos animo. Grazas por escoitarme e deséxovos de novo a cada un de vós e ás vosas familias, un moi bo nadal.

Eguberri on. Bon Nadal. Boas festas.
Boas noites. E feliz e próspero 2019.